

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE PERSOAL AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

SESIÓN DO 14/12/2022

Presidenta: María Mariño Poza
Secretario: Martín Blanco Buceta
Vogal: Margarita Sampedro Mariño
Vogal: César R. Tarela Pérez
Vogal: Benigno Piñeiro Sobrido

No salón de plenos do Concello de Boiro, sendo as 10:00 horas do 14/12/2022, reúnen os membros do tribunal designado para a confección dunha bolsa de emprego temporal de axentes de emprego e desenvolvemento local.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 214 de data 11/11/2022, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal.

O obxecto desta sesión é a resolución das alegacións presentadas tanto para a fase de oposición como para a fase de concurso, asignar as puntuacións finais e, finalmente, realizar proposta de bolsa de emprego.

1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS:

1.1.- OSCAR DORAL GARCIA

A) Presenta alegacións ás seguintes preguntas da proba tipo test:

- Pregunta nº 3.- Compróbase a existencia dun erro no enunciado da pregunta “Segundo o artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes”, xa que falta “sinale a resposta incorrecta”, polo que procede a anulación desta pregunta e pasar á primeira pregunta de reserva.

- Pregunta nº 32.- Compróbase a existencia dun erro no enunciado da pregunta “No Regulamento do viveiro de empresas do Concello de Boiro, recoñécense como obxectivos do Viveiro de Empresas:”, xa que falta “sinale a resposta incorrecta”, polo que procede a anulación desta pregunta e pasar á segunda pregunta de reserva.

- Pregunta nº 34.- Compróbase a existencia dun erro na planilla de respostas, xa que consta como correcta a A, e a resposta correcta é a D. Procede a modificación da planilla de respostas correctas.

- Pregunta nº 51.- O candidato alega que á pregunta “Segundo o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno celebra sesión ordinaria nos concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 habitantes e 20.000 habitantes, como mínimo:”, se da como válida a resposta A, cando é a B. Revisada a planilla de corrección esta da a B coma correcta, polo que non procede realizar acción algunha.

B) Solicita que se detallen criterios de corrección do segundo exercicio:

Tal e como constaba no impreso que se entregou a cada persoa candidata, o segundo exercicio constou de dous casos prácticos para os que se estableceron as seguintes puntuacións máximas:

Puntuación máxima: 4 puntos 1º exercicio e 6 punto 2º exercicio.

En cada exercicio estaba detallado cada cuestión, polo que a valoración se realizou en función dos puntos abordados por cada persoa candidata, así coma da súa calidade técnica, contido, esquematización e dos coñecementos mostrados en cada un deles:



Exercicio 1.- Tendo en conta as características demográficas, poboacionais e económicas do termo municipal de Boiro, expoña unha iniciativa innovadora para a xeración de emprego no ámbito local, identificando a/s actividade/s económica/s e posibles persoas emprendedoras.

Exercicio 2.- “Unha persoa desempregada que está a percibir unha prestación por desemprego, está interesada en crear unha empresa de agricultura ecolóxica, concretamente de fungos. Vostede como axente de emprego, ¿como realizaría o acompañamento técnico no inicio deste proxecto empresarial para a súa consolidación en empresa xeradora de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre o plan de lanzamento desta empresa?”

C) Valoración de méritos.- Procede a valoración da súa experiencia profesional de AEDL unha vez comprobado que os seus servizos foron prestados a xornada completa.

1.2.- LAURA RODRÍGUEZ VERDURA.-

A) Experiencia profesional. Amplía documentación para acreditar a experiencia profesional como técnica de inserción sociolaboral en Asociación Viraventos, coma técnica de desenvolvemento de equipos e de persoas na Asociación Amicos e coma orientadora laboral na Asociación Amicos.

Procede ter en conta a a experiencia profesional relativa a técnica de inserción laboral e a orientadora laboral, pero non a de técnica de desenvolvemento de equipos e de persoas, xa que non queda demostrado que sexa un posto similar ao ao de AEDL.

B) Formación complementaria: A candidata presenta varios cursos que non se poden valorar atendendo ás bases reguladoras deste proceso selectivo, xa que “valoraranse os cursos de formación monográficos de desenvolvemento local ou proxectos de emprego organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e universidades públicas .

Para cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas valorarase con 0,01 puntos cada hora de formación.

Unicamente será valorada a formación complementaria e de perfeccionamento correspondente a Cursos de formación monográficos de desenvolvemento local ou proxectos de emprego. Non se valorará a asistencia a xornadas, seminarios ou actividades análogas. Non se valorarán cursos de formación que formen parte dun proceso selectivo.

Non se valorarán cursos de informática nin de prevención de riscos laborais, por non gardar relación directa coas funcións do posto convocado. As persoas aspirantes acreditarán estes méritos mediante diploma, certificado ou xustificante expedido ou homologado por organismos oficiais.

O Tribunal non admitirá como mérito neste apartado os certificados nos que non consten o número de horas. A valoración dos distintos cursos é excluínte, de xeito que non poderá valorarse dúas veces un único curso/título nin có mesmo temario igual realizado en anos distintos. “

Así cabe ratificar a puntuación outorgada de 0,75 puntos polo “Programa de desenvolvemento de competencias profesionais”.

1.3.- FÁTIMA MARÍA GÓMEZ CASAL.-

A) Presenta alegacións á seguinte pregunta da proba tipo test:
- Pregunta nº 3.- Anulada, tal e como conta no apartado 3.1.) deste acta.

B) Experiencia profesional.



Aporta contratos de traballos invocados na instancia de solicitude.

Segundo as bases que rexen este proceso selectivo “valorarase a experiencia profesional en postos de traballo da mesma categoría laboral e con un contido funcional análogo ao da convocatoria.

a) Por cada mes de servizo na administración pública desempeñando postos de traballo como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local: 0,05 puntos por cada mes acreditado, cun máximo de 3 puntos.

b) Por experiencia profesional en postos similares (Técnica/os ou Prospectora/es de emprego, Técnicas/os de selección, Orientadoras/es laborais e asimilados) grupo II, equiparable ao subgrupo A2, contratado pola Administración pública, Fundacións, outras entidades sen ánimo de lucro ou empresas privadas: 0,01 puntos por cada mes acreditado, cun máximo de 2 puntos.

Os méritos relativos á experiencia profesional alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse co informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e os contratos de traballo/nomeamentos onde consta expresamente o posto desempeñado. Asemade poderán acreditarse mediante certificación expedida pola Administración competente coa expresión do posto desempeñado ou na maneira que se establece no punto anterior.

Para estes efectos, consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG), así coma a excedencia por razón de violencia de xénero, de conformidade co establecido no artigo 177 LEPG.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente. Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.”

Así só procede valorar a experiencia profesional dos contratos acreditados como AEDL e orientador laboral (e non outros aportados como azafata, teleoperadora, mestra e directora...), polo que procede estimar parcialmente as alegacións presentadas neste apartado.

3.- CORRECCIÓN DA PLANILLA TIPO TEST.

Unha vez revisadas as planillas detéctase un erro na corrección de varias probas tipo test, xa que de maneira inicial só se corrixiron ata a pregunta 49 e non ata a 50, polo que o tribunal acorda por unanimidade:

- Anular as preguntas 3 e 32, polo que se pasa a contabilizar a primeira e segunda pregunta de reserva.
- Modificar a pregunta nº 34, sendo a resposta correcta a D.
- Volver a corrixir todas as probas tipo test.

Polo que o tribunal acorda asignar as seguintes puntuacións definitivas relativas á proba tipo test:

Nº	NOME	preguntas erradas	PREGUNTAS ACERTADAS	PUNTOS 1º EXERCICIO
1	ALICIA MARTINEZ FERNANDEZ	22	28	6,33
2	CRISTINA CABO GOMEZ	20	30	7,14
3	CRISTINA POSE DAVILA	23	27	6,71
4	FÁTIMA MARÍA GÓMEZ CASAL	11	39	8,43
5	LAURA RODRIGUEZ VERDURA	26	24	6,29
6	MARIA ANGELES ROMERO MANEIRO	25	25	6,43
7	MARIA DOLORES CASAS CHEDA	24	26	6,57
8	NATALIA CAROU FIGUEIRA	13	37	8,14
9	OSCAR DORAL GARCIA	14	36	8



4.- SEGUNDO EJERCICIO

Tendo en conta que non hai alegacións presentadas a este exercicio, o tribunal acorda ratificar as puntuacións outorgadas inicialmente:

Nº	NOME	PUNTOS 2º EJERCICIO
1	ALICIA MARTINEZ FERNANDEZ	6
2	CRISTINA CABO GOMEZ	8,5
3	CRISTINA POSE DAVILA	5
4	FÁTIMA MARÍA GÓMEZ CASAL	5,5
5	LAURA RODRIGUEZ VERDURA	5
6	MARIA ANGELES ROMERO MANEIRO	4
7	MARIA DOLORES CASAS CHEDA	7
8	NATALIA CAROU FIGUEIRA	9,5
9	OSCAR DORAL GARCIA	6

A candidata MARIA ANGELES ROMERO MANEIRO no superou este segundo exercicio, polo que queda excluída do proceso selectivo.

5.- VALORACIÓN DE MÉRITOS:

Unha vez analizadas as alegacións presentadas, o tribunal acorda por unanimidade outorgar as seguintes puntuacións definitivas relativas á fase de valoración de méritos:

Nº	NOME	PTOS FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (máx. 2 puntos)	PTOS EXPERIENCIA (máx. 3 puntos)	TOTAL MÉRITOS
1	ALICIA MARTINEZ FERNANDEZ	0	0	0
2	CRISTINA CABO GOMEZ	2	1,6	3,6
3	CRISTINA POSE DAVILA	2	0	2
4	FÁTIMA MARÍA GÓMEZ CASAL	0,08	0,34	0,42
5	LAURA RODRIGUEZ VERDURA	0,75	0,14	0,89
6	MARIA ANGELES ROMERO MANEIRO	0	0,09	0,09
7	MARIA DOLORES CASAS CHEDA	0	0,82	0,82
8	NATALIA CAROU FIGUEIRA	0	0,05	0,05
9	OSCAR DORAL GARCIA	2	3	5

5.- PUNTUACIÓN TOTAL.

Nº	NOME	TOTAL OPOSICIÓN	TOTAL MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ALICIA MARTINEZ FERNANDEZ	12,33	0	12,33
2	CRISTINA CABO GOMEZ	15,64	3,6	19,24
3	CRISTINA POSE DAVILA	11,71	2	13,71
4	FÁTIMA MARÍA GÓMEZ CASAL	13,93	0,42	14,35
5	LAURA RODRIGUEZ VERDURA	11,29	0,89	12,18
6	MARIA ANGELES ROMERO MANEIRO	10,43	0,09	10,52
7	MARIA DOLORES CASAS CHEDA	13,57	0,82	14,39
8	NATALIA CAROU FIGUEIRA	17,64	0,05	17,69
9	OSCAR DORAL GARCIA	14	5	19



6.- PROPOSTA DE BOLSA DE EMPREGO DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal acorda por unanimidade elevar proposta de bolsa de emprego temporal de axentes de emprego e desenvolvemento local das persoas aspirantes que tivesen superada a fase de oposición por orde decrecente da puntuación total final (suma de puntuación de fase de oposición e de concurso), que determinará a orde de prelación para a súa contratación.

Esta bolsa de emprego aprobarase e quedará definitivamente constituída por Resolución de Alcaldía. Os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación:

Nº	NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CRISTINA CABO GOMEZ	19,24
2	OSCAR DORAL GARCIA	19
3	NATALIA CAROU FIGUEIRA	17,69
4	MARIA DOLORES CASAS CHEDA	14,39
5	FÁTIMA MARÍA GÓMEZ CASAL	14,35
6	CRISTINA POSE DAVILA	13,71
7	ALICIA MARTINEZ FERNANDEZ	12,33
8	LAURA RODRIGUEZ VERDURA	12,18

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 11:30 horas do día da data, do que eu, secretario do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

María Mariño Poza
Martín Blanco Buceta
Margarita Sampedro Mariño
César R. Tarela Pérez
Benigno Piñeiro Sobrido

